



DÍA 23 DE XUÑO: XUNTA DE ACCIONISTAS **TÉÑENNOS QUE OÍR**

O próximo día 23 de xuño, aproveitando a reunión da Xunta de Accionistas, realizarase o último dos paros do calendario de mobilizacións que comezou o pasado día 27 de maio. E recalcamos que é o último do actual calendario porque, antes ou despois, **volveremos retomar as mobilizacións**. De momento deixamos a convocatoria en suspenso saudando de forma extraordinaria a todas e todos os que participaron, pero sen desconvocala para desa forma poder retomala se houbo algún acontecemento grave sobre a Clasificación Profesional ou algún outro problema e para reiniciala, en todo caso, cando pase o período vacacional.

Aos sindicatos da Coordinadora de Burgos pareceunos que o día da XUNTA DE ACCIONISTAS podía ser un bo día para poñer o broche momentáneo ás mobilizacións, dicíndolle á empresa no seu día máis sinalado que todo non é de cor de rosa e que os traballadores e traballadoras desta empresa non estamos tan contentos como os seus accionistas e directivos. Para dicilo alto e claro....

- **Que seguimos esixindo a readmisión dos despedidos e a anulación das sancións.**
- **Que imos seguir pelexando polo noso posto de traballo e en contra das externalizacións de actividade.**
- **Que non imos permitir que nos quiten a antigüidade, que nos rompan o salario ou que nos impoñan a multifunción salvaxe que pretenden co Novo Modelo de Clasificación Profesional.**

O día 23 de xuño temos unha ocasión inmejorable para que estas reivindicacións volvan oírse como se oíron durante a negociación do Convenio.

Pensamos que os paros realizados serviron para algo; que serviron para que a empresa e os seus sindicatos socios saiban que uns miles de traballadores e traballadoras estamos atentos ao que pasa, estamos a responder e imos responder ante calquera agresión.

A eses miles de traballadores e traballadoras que participaron nos paros do convenio e que por distintas razóns non o fixeron nos pasados paros, facémoslles un chamamento especial para que participen no paro do día 23, porque estamos ante os mesmos problemas que entón, agravados porque os despedimentos e as externalizacións están a ser unha realidade.

Por solidariedade cos despedidos e sancionados e porque cantos máis sexamos máis difícil terán chegar a un acordo que vaia contra os nosos dereitos históricos na Mesa de Clasificación Profesional e seguir externalizando actividades.

MARTES, 23 DE XUÑO: PARO DE 1 HORA

¡ ¡ PARTICIPA!!